

PLAN DE CONTINXENCIA NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA DO CPI Dr LÓPEZ SUÁREZ DE FRIOL

DATA: setembro 2021

Consideracións xerais:

Despois dun ano e medio de parón nas actividades extraescolares, a Anpa do CPI Dr López Suárez de Friol decide facer a proposta ó consello escolar de retomalas no curso 21/22.

Son moitos os motivos que nos levan a asumir de novo este reto e queremos destacar os seguintes:

- Crear espazos educativos, culturais, deportivas onde os nenos/as poidan relacionarse en función das súas preferencias dentro do tempo de libre.
- Facelo nos espazos da comunidade educativa o que nos leva a reforzar os vínculos con nenos e nenas doutros niveis e grupos. A maiores na etapa de infantil os pequenos/as séntense máis seguros no seu colexio a hora de facer extraescolares.
- A conciliación da vida familiar e laboral tan necesaria para as familias é outro dos motivos que como Anpa nos leva a facer a proposta.
- O compromiso cos monitores cos que levamos traballando ó longo de tantos anos. Somos sabedores de que a súa situación laboral coa pandemia foi moi delicada, e estamos convencidos de que temos que apoiar a este sector.

Co fin de cumprir co protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22 elaboramos o plan de continxencia para as actividades extraescolares organizadas pola Anpa no CPI Dr López Suárez de Friol partindo do anexo VI "Actividades extraescolares e complementarias organizadas polas Anpas, Concellos..."

1. Acceso as actividades: as familias non poderán acceder ó recinto escolar, serán os monitores os encargados de recoller e devolver ó alumnado na parte exterior da porta principal.
2. Obrigatoriedade do uso de máscara tanto para o monitor como para todo o alumnado de primaria e moi recomendable para alumnado de infantil.
3. Cada alumno deberá traer reposto de máscaras .
4. Empregaranse para as actividades extraescolares as aulas habilitadas que nos indique o centro escolar.

5. O monitor agardará a chegada dos nenos e nenas á saída da xornada escolar .
6. Ó entrar e saír da actividade deberán desinfectarse ás mans, no caso de dermatite ou alerxia de contacto poderán ir ó baño a lavalas mans.
7. O alumnado debe acceder co monitor á súa aula sen mesturarse con outras aulas e actividades.
8. As sesións serán de hora ou hora e media (segundo a actividade) , momento no que se deberá abandonar a sala. O monitor acompañará ós alumnos afora das dependencias escolares , onde os recollerán os pais .
9. Ventilación: a aula deberá permanecer coa xanela e porta aberta co fin de garantir a correcta circulación do aire.
10. Desinfección: as actividades que usen mesas para traballar ou outros materiais , procederán a súa desinfección antes de comezar a sesión. Serán os propios monitores os encargados e responsables de facelo.
11. As Actividades desenvolveranse sempre no mesmo local, e os grupos serán definidos dende o principio de curso, contarán tal e como xa era habitual con listaxe de alumnos e seguimento de asistencia, por se o equipo covid desexa solicitar esta información.
12. O aforo máximo marcado pola lei é de 20 alumnos/as por monitor. No Caso do pavillón poderíanse incrementar ata 40 alumnos sempre e cando haxa 2 monitores.
13. Os baños: dado que o aforo permitido polo protocolo é do 50% en baños e aseos.
14. Conxuntamente coa documentación que deben cubrir as familias para participar nas actividades extraescolares , o primeiro día da actividade daráselles ós pais, para que a devolvan asinada, a declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as normas establecidas para o funcionamento das actividades e prevención da covid.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a....., con DNI número....., como proxenitor/titor legal do alumno/a....., matriculado no curso....., do CEIP.....

DECLARA RESPONSABLEMENTE que coñece o protocolo de actividades extraescolares no contexto da COVID-19 da ANPA do CPI Dr LÓPEZ SUÁREZ DE FRIOL para o curso 2021-2022, e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON enviálo/a ás actividades extraescolares e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar cando menos un síntoma previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderá acudir ás actividades extraescolares ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias a ANPA que o comunicará ao Equipo COVID do CPI Dr LÓPEZ SUÁREZ DE FRIOL

En....., a..... de..... de 202__.

ASDO.....